

porque mañá poderías ser ti

Solidariedade

coa FOLGA da limpeza



info@iscagz.org
www.iscagz.org

Desde o pasado día 17 de novembro, as traballadoras e traballadores da limpeza da provincia de Pontevedra están en folga indefinida demandando un convenio que garanta unhas condicións de traballo dignas no sector.

A patronal negouse a aplicar un preacordo asinado meses atrás, e agora mesmo rexeitaron durante 10 días de folga sentarse a falar coa representación das traballadoras/es.

Lembremos que o salario medio dun traballador/a da limpeza é actualmente de só 753€, o que dá unha medida das condicións de explotacións que sofren, fronte a unhas empresas que obteñen beneficios millonarios.

Na Universidade estanse a ver moi claramente as consecuencias da folga, pois conseguir visibilizar o conflito nos lugares públicos é a mellor maneira de presionar a patronal e conseguir que acepte as demandas das traballadoras/es.

Uns días de "molestias" para o estudante poden supor a consecución dunhas condicións de traballo e un salario dignos para as traballadoras/es da limpeza.

Por iso, é fundamental a comprensión, a colaboración e o apoio do estudantado universitario para axudar a conseguir os obxectivos das e dos traballadores e frear as ansias de lucro dos empresarios.